


Universidade de Vigo

Regulamento de prácticas académicas externas

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado en Xunta de Escola na sesión do 19 de decembro de 2018



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus universitario
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>
<mailto:aero.info@uvigo.es>



Referencia: 2
Documento: practicas
Data: 19/12/2018
Páxinas: 3

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. O obxecto do presente regulamento é o ordenamento das prácticas académicas externas do alumnado da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo (EEAE) que estea matriculado en calquera das súas titulacións.
2. O marco legal que regula as prácticas está definido polo disposto no Real Decreto 1707/2011 do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas e dos estudantes universitarios, no disposto no R.D. 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais, polo Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno o 24 de maio de 2012, así coma polo presente regulamento e as disposicións do plan de estudos de cada titulación.
3. As prácticas externas poderán adoptar dúas modalidades:
 - a) Prácticas externas curriculares, que se configuran como actividades académicas integradas como materias dun plan de estudos do centro.
 - b) Prácticas externas extracurriculares, que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos. Estas prácticas son reguladas pola Universidade de Vigo segundo o artigo 5.5 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo

Artigo 2. Definición e características das prácticas externas

1. As prácticas externas constitúen unha actividade de natureza formativa co obxectivo principal de completar e aplicar, nun ámbito profesional, competencias e coñecementos propios do ámbito da Enxeñaría Aeroespacial.
2. As prácticas externas poden realizarse nas entidades, empresas e institucións establecidas polo Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo.
3. As prácticas externas disporán da súa guía docente, aprobada pola Xunta de Escola, nas mesmas condicións que calquera outra materia dunha titulación. O responsable de realizar a guía docente será o/a coordinador/a de prácticas da EEAE.

Artigo 3. Persoas destinatarias das prácticas externas e requisitos para realizalas

1. Pode realizar as prácticas externas o alumnado das titulacións da EEAE nas condicións que se establezan, así coma os/as estudantes doutras universidades españolas ou estranxeiras que estean realizando estadias na EEAE en programas de mobilidade.
2. Para realizar as prácticas externas débese estar matriculado na titulación correspondente.
3. O alumnado de grao debe ter superado un mínimo de 150 ECTS, incluíndo todos os créditos de formación básica, para poder solicitar a realización de prácticas.
4. O alumnado de mestrado debe ter superado un mínimo de 30 ECTS¹ para poder solicitar a realización de prácticas.

Artigo 4. Publicación das prácticas externas

1. A EEAE fará pública unha relación de prácticas ofertadas en empresas e institucións. Cada práctica especificará, de ser o caso, a titulación do centro na que deberá estar matriculado o alumnado para a súa realización.

¹A comisión académica de cada mestrado poderá modificar esta cifra se así o estima conveniente.

2. A publicación das ofertas de prácticas adecuarase ao establecido no artigo 17 do RD 1707/2011.
3. Unha vez publicada a oferta de prácticas, abrirase un prazo de presentación de solicitudes para o alumnado das diferentes titulacións.

Artigo 5. Adxudicación das prácticas externas

1. A Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos (para prácticas de grao) ou a Comisión Académica de Mestrado (para prácticas de mestrado) farán a selección do alumnado solicitante para a realización de prácticas externas, en base á nota media do expediente académico e do número de prazas ofertadas.
2. O alumnado admitido para a realización das prácticas escollerá destino entre as prácticas ofertadas por estrita orde de adxudicación.
3. Se un alumno/a chega a un acordo cunha empresa para a realización dunha práctica que cumpra as condicións para considerarse práctica curricular, poderá solicitar á Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos (no caso de alumnado de grao) ou á Comisión Académica de Mestrado (no caso de alumnado de mestrado) a adxudicación directa desa praza, sempre que o faga nos períodos administrativamente requiridos.

Artigo 6. Tutela do alumnado nas prácticas externas

1. A persoa coordinadora das prácticas nomeada anualmente pola Xunta de Escola será a encargada de publicar a información previa, de asesorar e de informar ao alumnado en prácticas.
2. Cada alumno/a de prácticas terá un titor/a académico/a e un titor/a na entidade externa. No caso de que non exista suficiente profesorado voluntario para as tarefas de tutorización, realizarase un sorteo entre o profesorado da EEAE de acordo aos criterios que estableza a Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos (no caso de grao) ou á Comisión Académica de Mestrado (no caso de mestrado).
3. A Xunta de Escola establecerá, no marco que determine a normativa da Universidade de Vigo, o recoñecemento do profesorado que realice tarefas de tutorización de prácticas externas, se se considerase pertinente.

Artigo 7. Cualificación das prácticas externas

1. Tras finalizar o período de prácticas, no prazo establecido na convocatoria, a/o estudante e o/a titor/a externo deben entregar ao titor/a académico da universidade un informe sobre o traballo desenvolvido.
2. O método de avaliación será o recollido na guía docente da materia e deberá ter en conta os informes mencionados no parágrafo anterior. A avaliación será realizada polo titor/a académico ou, na súa ausencia, polo/a coordinador/a de prácticas do centro.